



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que o pasado 17/04/07 publicouse no D.O.G. o Decreto 67/2007 polo que se regula o **Catálogo Galego de Árbores Senlleiras**; neste decreto establecece o procedemento para a inclusión destas árbores e formacións singulares no referido catálogo.

Poderán instar ao inicio do procedemento de catalogación as persoas propietarias das árbores ou formacións ademais das administracións públicas, asociacións ou entidades privadas ou públicas que teñan entre os seus fins estatutarios a protección da natureza.

As árbores ou formacións senlleiras que se inclúan no catálogo considéranse protexidas para todos os efectos o que implica a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente a súa integridade.

A Consellería de Medio Ambiente poderá establecer un réxime de axudas económicas encamiñadas á súa conservación, protección e mellora ou , se é o caso, para a realización de tratamentos fitosanitarios ou silvícolas.

Informase tamén que no D.O.G. do 18 de abril saíu publicada a Orde pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas á participación e adquisición de animais nos certames de gando de raza pura de carácter nacional e internacional que se celebren en Galicia no 2007.

Outeiro de Rei, 26 de abril de 2007.

O Alcalde,